

UD1 ATRÉVETE

1. **Constrúe oracións** cos **verbos** propostos en cada **columna**. **Mantén** as **estruturas, persoa gramatical e tempo verbal** dos modelos.

Sobresaír , moer, oír, saír, caer, roer	Facer , cocer, abrir, volver, sentir, matar
Exemplo: Aínda que sobresaías na selectividade,	non farás a carreira de medicina
Aínda que...	non...
Aínda que...	non...
Aínda que...	non...
Aínda que...	non...
Aínda que...	non...

Cando sobresaíamos nos exames,	faciamos máis amigos nas clases.
Cando...	
Cando...	
Cando...	
Cando...	
Cando...	
Cando...	

2. **Escribe 5 palabras derivadas** con estes morfemas derivativos:

- -OSO:
- -ENCIA:
- A-:
- -ADO:
- -EIRO:
- TELE-:

3. **Busca e anota o significado dos morfemas derivativos** do exercício anterior:

- -OSO:
- -ENCIA:
- A-:
- -ADO:
- -EIRO:
- TELE-:

4. **Busca o artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia e cópiao no caderno:**

<http://www.xunta.gal/estatuto/titulo-preliminar>

5. **Escolle** na rede unha **ilustración** sobre o **Apalpador** (personaxe mítico do Nadal) galego. **Cópiaa** na táboa e despois **descríbea**.

Ilustración:	Descripción:

RETO

- ♣ Inventa uns personaxes e sitúaos nun tempo e nun espazo determinados.
- ♣ Escolle o narrador e a estrutura axeitada para un diario literario.
- ♣ Escribe nun post un capítulo dese diario para o blog da biblioteca do teu centro.

Exemplo:

Blog da biblioteca: "*Diario de Aldara*"

Arcade, 5 de outubro de 2022

Querido diario,

O cansazo pode hoxe comigo. Cheguei do instituto ás 7 da tarde, puxen unha serie de Netflix e, cando me dei de conta, pasaba das 10 da noite. Abrín a axenda para ver se tiña deberes... Mi madriña, exercicios de matemáticas e de galego! Xa lles vale tamén, mandar traballo para a casa os martes pola tarde. Estiven preto dunha hora resolvendo as operacións con números enteiros; nin ceei. O resto vai sen facer, que teño un sono que caio!

Seguro que mañá, a profe de galego, que ademais é a miña titora, me vai rifar por non levar feito o esquema cos conceptos de sociolingüística; pero a estas horas xa non dou pé con bóla!!! Uf, prefiro ler un par de páxinas de *Mentira*, non cres?

Aldara